



## AXUDAS A INVESTIMENTO A BORDO DE BUQUES PESQUEIROS E SELECTIVIDAE

DOG 248 do 29/12/2011 Orden 12/12/2011. C. do Mar.

**DATA REMATE: 15/03/2012**

### **Contía da Subvención:**

NOS BARCOS DE PESCA COSTEIRA ARTESANAL. Ata o 60% dos gastos elixibles

Resto de buques: Ata 40% dos gastos elixibles.

Nos cambios de motor maximo 20%

Maximo de axudas: 3 por buque

O gasto elixible máximo será: Ata o 50% do valor de paralización definitiva do buque no 1º ano de programación do FEP. Pode ser maior para investimentos en seguridade.

### **Beneficiarios:**

Armadores e/ou propietarios de buques pesqueiros da 3ª lista do Rexistro de Matrícula de Buques que:

- O buque ten cinco anos ou máis e porto base en Galicia e rexistrado no Rexistro de Buques da Comunidade autónoma e no Censo de Frota Pesqueira Operativa
- Ter resolución de autorización para realizar o investimento, se é o caso.
- Para buques de primeira venda en fresco obrigatoria en lonxa: O volume de venda da suma de notas do ano anterior deberá ser superior ao 50% da media obtida para ese porto base e polo tipo de frota.
- No caso de buques con venda non obrigatoria en lonxa, debe dispor de autorización para realizar a devandita venda.
- Solicitantes deben estar ao día de obrigas e non ter pendentes deudas de ningún tipo coa administración galega
- Non poderá solicitar as que teñan sanción firme pendente por pagamento por infracción da normativa marítima pesqueira (deberá cubrir anexo IIB) nin aqueles nos que concurren as circunstancias previstas na lei de subvención de Galicia

### **Requisitos Beneficiarios:**

Deberá ter autorización de obras que afecten a:

Manga, puntal, eslora entre perpendiculares, eslora total, arqueo, material do casco, cambios de moroe, instalación ou modificación da capacidade conxeladora do buque, aumento da potencia auxiliar do buque, modificación ou alteración de tanques combustibles

### **Conceptos Subvencionables:**



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
A CORUÑA

Praza de Insuela S/N  
15123 - CAMARIÑAS  
981 737004 Fax: 981 736199  
mjimenez.desenvolvemento@camarinas.net  
www.camarinas.net



Investimentos para as seguintes finalidades:

Mellora da seguridade a bordo, das condicións de traballo, das condicións de hixiene, da calidade dos produtos, do rendemento enerxético, substitución de motor, substitución artes de pesca por outras máis selectivas

Investimentos que permitan a conservación a bordo das capturas, reduzan o impacto da pesca en especies non comerciais, reduzan o impacto nos ecosistemas e fondos mariños, protexan as capturas e as artes de depredarse salvaxes sempre que non aumenten o esforzo pesqueiro nin perxudique a selectividade das artes e se adopten medidas para evitar danos físicos aos depredadores.

**OS INVESTIMENTOS NON PODEN ESTAR INICIADOS ANTES DA SOLICITUDE E DEBE ACREDITARSE CON ACTA DE NON INICIO**